



Con carácter xeral, seguiremos coas medidas adoptadas o curso pasado a causa da Covid-19, xa que é o que obrigan as Instrucións ao respecto ditadas pola Consellaría:

([protocolo covid curso21 22 2021 07 06.pdf \(xunta.gal\)](#))

1. Uso obrigatorio de máscara de protección.
2. Respetar a distancia interpersonal de 1,2 m.
3. Hixiene de mans na entrada ao Centro.
4. Circulación pola dereita, seguindo os sinais marcados no chan.
5. Uso dos aseos cun aforo do 50%, e na súa propia planta.
6. Cada alumno/a debe manter a mesa e cadeira asignadas.
7. Non se debe compartir material de uso propio. Caso de ser necesario, hixienizar.
8. O alumnado non debe manexar xanelas, interruptores, mandos etc. Caso de ser necesario, cómpre hixienizar as mans.
9. Nos cambios de aula, todo o alumnado permanecerá no seu asento; se debe trasladarse a outra aula, farao de xeito ordenado.
10. As cadeiras non se colocarán sobre a mesa, para facilitar a súa limpeza.

ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS E SAÍDAS DO ALUMNADO

O alumnado accederá ao IES pola porta de peóns.

Tanto na entrada como na saída (incluíndo tamén os recreos) haberá dous timbres, cunha separación de cinco minutos.

- O primeiro timbre será para o alumnado de 1º e 3º de ESO.
- O segundo timbre será para o alumnado de 2º e 4º de ESO.

Na entrada ao IES, o alumnado de 2º e 4º agardará o comezo das aulas nos campos de baloncesto e fútbol, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan; se non, poderán estar no patio de columnas. O alumnado de 1º e 3º agardará diante da entrada principal do IES ata que toque o primeiro timbre. Todos os alumnos e alumnas dirixiranse directamente á aula que lles toque e permanecerán no seu asento ata a chegada do profesor/a.

O USO DO TRANSPORTE

O alumnado utilizará sempre o mesmo asento e deberá usar a máscara en todo o momento.

O USO DA CAFETARÍA

Non pode haber aglomeracións de alumnado, polo que se establecen quendas.

O alumnado entrará pola porta exterior e sairá pola interior.

- No 1º recreo ten prioridade o alumnado de 1º e 2º de ESO.
- No 2º recreo ten prioridade o alumnado de 3º e 4º de ESO.

AS TITORÍAS COAS FAMILIAS

- Desenvolveranse preferentemente por vía telefónica, salvo que se considere necesaria a presenza dos pais/nais/titores/as legais no IES.
- Haberá unha reunión informativa para as familias, coa dirección e os tutores/as, que se desenvolverá no mes de outubro (achegarse convocatoria co día e hora).
- Deben traer asinado o MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (páx. web do IES).
- Deben proporcionar un TELÉFONO DE URXENCIA, xa que en caso de síntomas COVID, teñen que chamar ao Centro de saúde e vir recoller o fillo/a inmediatamente.
- Deben realizar o TEST COVID diariamente, e non enviar o alumno/a con síntomas (impreso páx. web).

USO DOS MÓBILES:

- Prohibido o seu uso no IES.
- Se algún profesor/a necesita, enviará autorización expresa, sinalando o día e o motivo (para aprender a manexarse pola Aula Virtual, para desenvolver algunha actividade na biblioteca ...).

AULA VIRTUAL do alumnado: necesitan un correo electrónico, que usarán xa en toda esta etapa educativa.

ABALARMÓBIL

É imprescindible descargar e/ou actualizar o AbalarMóbil, necesario para as comunicacións co IES (faltas, incidencias, comunicados...).